



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 451

VIII legislatura

14 de abril de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63673) [140038](#)

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63674) [140040](#)

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

– Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 441, do día 30 de marzo de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 29 de marzo de 2011 en relación co

acordo de asignación a Comisión da pregunta oral en Comisión doc. núm. 30540 (08/4PRE-0204) [140035](#)

– Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 397, do día 27 de xaneiro de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 25 de xaneiro de 2011 en relación co acordo de asignación a Comisión da pregunta oral en Comisión doc. núm. 57032 (08/POC-6152) [140035](#)

– Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 421, do día 2 de marzo de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 1 de marzo de 2011, en relación co acordo de asignación a Comisión da pregunta oral en Comisión núm. (08/POC-6521 (60100). [140036](#)

– Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 1 de febreiro de 2011 en relación coa omisión da admi-

SUMARIO

sión a trámite da Solicitud de comparecencia en Comisión doc. núm. 58048 (08/CPC-0207) [140043](#)

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 21 de marzo de 2011 en relación coa omisión da admisión a trámite da Pregunta oral en Comisión doc. núm. 62074 (08/POC-6727) [140044](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

A Mesa da Comisión 4.^a, Educación e Cultura, na reunión do 13 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Emendas á totalidade de devolución (un total de dúas)

- 08/PL-0024(62452)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

BOPG núm. 435, do 22.03.2011

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63673)

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63674)

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 441, do día 30 de marzo de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 29 de marzo de 2011 en relación co acordo de asignación a Comisión da pregunta oral en Comisión doc. núm. 30540 (08/4PRE-0204)

Advertido un erro na publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 441, do día 30 de marzo de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 29 de marzo de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Procedementos de información

Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

“Onde dí:

- 08/4PRE-0204 (30540)(62782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre o acondicionamento e rexeneración do regato da Chancela no concello de Pontecesures

BOPG núm. 215, do 21.04.2011

A Mesa acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 62782, en pregunta con resposta oral na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Debe dicir:

- 08/4PRE-0204 (30540)(62782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre o acondicionamento e rexeneración do regato da Chancela no concello de Pontecesures

BOPG núm. 215, do 21.04.2011

A Mesa acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 62782, en pregunta con resposta oral na Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Corrección de erros na publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 397, do día 27 de xaneiro de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 25 de xaneiro de 2011 en relación co acordo de asignación a Comisión da pregunta oral en Comisión doc. núm. 57032 (08/POC-6152)

Advertido un erro na publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 397, do día 27 de xaneiro de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 25 de xaneiro de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Procedementos de información

Preguntas orais en Comisión

“Onde dí:

- 08/POC-6152(57032)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 4 deputados máis

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referente á solicitude ao Goberno central de introdución das disposicións legais para regular a lista de viníferas autóctonas de Galicia para excluír da etiquetaxe dos viños sen denominación de orixe protexida, para os efectos do previsto no artigo 50.2.b do capítulo VI da nova OCM do viño

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Debe dicir:

- 08/POC-6152(57032)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 4 deputados máis

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referente á solicitude ao Goberno central de introdución das disposicións legais para regular a lista de viníferas autóctonas de Galicia para excluír da etiquetaxe dos viños sen denominación de orixe protexida, para os efectos do previsto no artigo 50.2.b do capítulo VI da nova OCM do viño

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Corrección de erros na publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 421, do día 2 de marzo de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 1 de marzo de 2011, en relación co acordo de asignación a Comisión da pregunta oral en Comisión núm. (08/POC-6521 (60100).

Advertido un erro na publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 421, do 2 de marzo de 2011, relativo á execución dos acordos da Mesa do día 1 de marzo de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Procedementos de información

Preguntas orais en Comisión

“Onde dí:

- 08/POC-6521 (60100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do proxecto de ampliación do cemiterio parroquial de San Lourenzo de Árbol, no concello de Vilalba, a titularidade da parcela na que se pretenden executar as obras e as xestións realizadas para a tramitación administrativa previa ao seu inicio, así como o seu prazo de remate

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 421, do 02.03.2011

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Debe dicir:

- 08/POC-6521 (60100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do proxecto de ampliación do cemiterio parroquial de San Lourenzo de Árbol, no concello de Vilalba, a titularidade da parcela na que se pretenden executar as obras e as xestións realizadas para a tramitación administrativa previa ao seu inicio, así como o seu prazo de remate

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 421, do 02.03.2011

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado Oficial Maior

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 1 de febreiro de 2011 en relación coa omisión da admisión a trámite da Solicitude de comparecencia en Comisión doc. núm. 58048 (08/CPC-0207)

Advertido un erro material, por omisión, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 1 de febreiro de 2011, publicados no *Bole-*

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 401, do 2 de febreiro de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No apartado de Procedementos de información debe engadirse:

Solicitude de comparecencia en Comisión
Admisión a trámite e publicación

- 08/CPC-0207(58048)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Política Lingüística, para informar sobre a Rede de Dinamización Lingüística

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 21 de marzo de 2011 en relación coa omisión da admisión a trámite da Pregunta oral en Comisión doc. núm. 62074 (08/POC-6727)

Advertido un erro material, por omisión, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 21 de marzo de 2011, publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 436, do 23 de marzo de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

No apartado de Procedementos de información debe engadirse:

Preguntas orais en Comisión
Admisión a trámite e publicación

- 08/POC-6727(62074)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 deputados máis
Sobre o grao de cumprimento do acordo parlamentario relativo á revisión das limitacións que os planeamentos municipais poidan conter na súa normativa respecto da uso da lousa como material de cuberta das edificacións, e os datos ao respecto

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa** (PL-0024, doc. núm. 62452), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Obvia xustamente o proceso que figura no seu propio título, a participación da comunidade educativa, xa que a normativa que aborda deber ser amplamente debatida polos distintos sectores da comunidade educativa, para así poder acadar un texto legislativo cun alto grao de consenso.

- Foi amplamente rexeitado polos sectores da comunidade educativa e polo seu máximo órgano democrático de participación, o Consello Escolar de Galicia, posto que as emendas á totalidade presentadas foron aprobadas por un gran amplo marxe de votación.

- Non semella que a formulación xurídica pola que opta o Goberno galego sexa a máis conveniente para unha boa parte dos contidos do seu articulado, e como ben se pode deducir da lexislación comparada co Estado e coas Comunidades Autónomas.

- Carece dun Informe - Diagnose da situación da convivencia escola en Galicia, cuestión que permitiría contar cun máis atinado coñecemento da realidade sobre a que se pretende legislar.

- Obvia todo o marco normativo existente e mesmo adopta unha conceptualización, na consideración da convivencia educativa, contraria á indicada pola lexislación vixente, cuestión que resulta obvia no que atinxe, por exemplo, á resolución de conflitos só a través de medidas punitivas.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Trata de atender a compromisos do presidente da Xunta de Galicia en materia que nada teñen que ver co ámbito desta lei: estámonos a referir as enquisas ás nais e pais, de farragoso articulado, dubidosa legalidade e peor redacción, coas que se pretende cubrir decisións tomadas con anterioridade pola actual Xunta de Galicia no imposto decreto sobre a lingua galega, que no seu día foron cualificadas de ilegais.

- Non aborda a consecución dunha maior calidade na participación das nais e pais nos centros educativos, quedándose no anecdótico, fomentando o individualismo e dificultando gravemente o impulso á participación colectiva das nais e pais na educación dos seus fillos e fillas.

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2011

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/04/2011 12:48:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2011 13:56
Nº Rexistro: 63674
Data envío: 08/04/2011 13:56:37.570

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, a iniciativa da súa deputada **Carme Adán Villamarín** e a través do seu portavoz, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa, (doc. 62.452)** polos seguintes motivos:

1º.- A inoportunidade de presentar unha lei que foi rexeitada pola comunidade educativa, a través dos seus representantes, no Consello Escolar de Galicia. Non existe un proceso previo de acordo entre as diferentes forzas políticas e os sectores educativos implicados que procure o necesario consenso dunha norma que no seu título inclúe a palabra convivencia.

2º.- A norma está redactada desde a filosofía da prohibición e non da educación participativa. O enfoque que se adopta e as medidas que se recollen no texto son de carácter represor e coercitivo, isto supón un retroceso de máis de vinte e cinco anos sobre a educación baseada nos valores da negociación, a mediación e a comunicación. Esquécese deliberadamente o papel que ten a educación para o pleno desenvolvemento da personalidade e a preparación do exercicio de cidadanía.

3º.- Non se avanza na participación da comunidade educativa. Nin o profesorado, nin o estudiantado poderá ser consultado a respecto de temas educativos. Os pais e nais só serán preguntados a respecto dos temas que propoña a Consellaría en materia curricular e non sobre as necesidades que estes poidan detectar nos centros. Non se determinan mecanismos para a participación das nais e pais a vontade propia. Tampouco se recolle a necesaria regulación que garanta a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2011 13:56
Nº Rexistro: 63674
Data envío: 08/04/2011 13:56:37.570

verificación da autenticidade e neutralidade da consulta por parte dos sectores interesados. Xa que logo, non existe unha concepción ampla da participación nos centros e só un intento de dar cobertura legal á aspectos concretos suscitados en torno ao polémico decreto do plurilinguismo.

4º.- A lei pretende como obxectivo prioritario reducir a presenza da lingua galega no ensino. Mediante esta norma darase rango de lei ás consultas ás familias para determinar a lingua do ensino. É un paso máis nunha política que obvia o Estatuto de Autonomía de Galiza, a lei de Normalización Lingüística, a LOE e a propia Carta Europea das Linguas Minoritarias. Unha política deseñada para tentar rachar o consenso dos centros educativos reducindo a presenza do galego.

5º.- Non existe ningún mecanismo na norma que contribúa ao incremento real da valorización social da función docente. A declaración da condición da autoridade pública non ten máis efectos que darlle unha presunción de veracidade ás probas existentes nun eventual procedemento sancionador. Nin este problema fora detectado nos expedientes sancionadores nin esta declaración ten valor en relación coa cualificación como atentado á autoridade a efectos penais se houber agresión no ámbito escolar ao ser esta unha cuestión que depende da definición que incorpora o Código Penal.

6º.- Neste momento o ensino público galego necesita un compromiso orzamentario claro por parte da administración educativa, non obstante a presente lei, segundo consta na memoria económico-financeira, "non suporá incremento do custo económico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma". Isto é incompresíbel se do que falamos é de mellorar a calidade educativa a través da convivencia,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2011 13:56
Nº Rexistro: 63674
Data envío: 08/04/2011 13:56:37.570

cuestión que implica reducir ratios, dotar de profesorado especialista aos centros ou incrementar os procesos de prevención e mediación de conflitos.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2011.

Asdo.: Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.



Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/04/2011 13:55:44

Maria do Carme Adán Villamarín na data 08/04/2011 13:55:49

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante a comisión 4ª "Educación e Cultura" do secretario xeral de Política Lingüística para para informar sobre "a Rede de dinamización Lingüística".

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Quintero García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Mar Barcón Sánchez, Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez e Carmen Gallego Calvar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No mes de xuño pasado no seo da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos aprobouse por unanimidade unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista no que se pedía que se revisara como están a contemplar os PXOM a utilización de lousa para as cubertas das edificacións.

Entre esas medidas aprobadas estaba o compromiso de que a Xunta de Galicia informara adecuadamente dese acordo os concellos e a Fegamp.

Non nos consta que isto se teña feito e dado que é unha medida sinxela sen custe económico e da que depende directamente que se poda levar a cabo o acordado nesta Cámara e refrendado por todos os grupos.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas par ao seu debate en Comisión:

1. A día de hoxe cal é o grao de cumprimento do acordado? Houbo algún problema para levar a cabo dito acordo? De ser así, cales foron os problemas? A cantos concellos e a cales se lle ten comunicado o mesmo?
2. Cantos PXOM tiveron que facer correccións na súa formulación orixinal por mor deste acordo?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Mar Barcón Sánchez
Pablo Xabier López Vidal
María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar



Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña Docampo na data 15/03/2011 10:37:37

Mar Barcón Sánchez na data 15/03/2011 10:37:44

Pablo Xabier López Vidal na data 15/03/2011 10:37:50

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/03/2011 10:37:55

Carmen Gallego Calvar na data 15/03/2011 10:38:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727